

## PROPORCIONALIDADE COMPOSTA.

1. Nun comedor escolar con **60 comensais** consumíronse **36 quilos** de verdura en **tres semanas**. Cantos **quilos** de verdura se consumirán, en **catro semanas**, con **80 comensais**?
2. Un granxeiro precisa **400 quilos** de cebada para alimentar aos seus **15 cabalos** durante **8 días**. Durante **cantos días** podería alimentar a **25 cabalos** con **500 quilos** de cebada?
3. Unha cuadrilla de albaneis, traballando 10 horas ao día, construíron 600 m<sup>2</sup> de parede en 18 días. Cantos metros cadrados construírán en 15 días, traballando 8 horas diarias?
4. Un granxeiro necesita 294 kg de forraxe para alimentar a 15 vacas durante 7 días. Durante cantos días podería alimentar a 10 vacas se dispuxese de 840 kg de forraxe?
5. Unha escavadora, traballando 10 horas ao día, abre unha foxa de 1 000 m en 8 días. Canto tardaría en abrir unha foxa de 600 m, traballando 12 horas ao día?
6. Si se abren tres aspersores cun caudal de 1,5 litros por segundo cada un, un depósito baléirase en 8 horas. Durante canto tempo daría servizo o depósito si se abriran catro aspersores cun caudal de 0,9 litros por segundo cada un?
7. Cincuenta tenreiros consomen 4 200 kg de alfalfa á semana.
  - a) Cal é o consumo de forraxe por tenreiro e día?
  - b) Cantos quilos de alfalfa se necesitan para alimentar a 20 tenreiros durante 15 días?
  - c) Durante cantos días podemos alimentar a 10 tenreiros se dispoñemos de 600 quilos de alfalfa?
8. Nun taller de confección, con 6 máquinas tecedoras, fábrícanse 600 chaquetas en 10 días.
  - a) Cantas prendas se fabricarían con 5 máquinas en 15 días?
  - b) Cantas máquinas habería que poñer en produción para fabricar 750 prendas en 15 días?
  - c) Si se traballara soamente con 5 máquinas, cantos días se tardaría en fabricar 750 prendas?
9. Cinco enquisadores, traballando 8 horas diarias, completan os datos para un estudo de mercado en 27 días. Canto tardarían en facer o mesmo traballo 9 enquisadores traballando 10 horas cada día?